

Materiais de familiarización coa proba PISA 2022

A OCDE preparou unha colección de materiais con exemplos de preguntas e unidades de PISA.

Hai dúas partes:

- Primeiro, inclúese información xeral sobre a proba.
- Segundo, preséntase unha colección de materiais con exemplos de preguntas de matemáticas, ciencias e lectura.

Ao ler a información xeral sobre PISA e os exemplos de preguntas, poderás coñecer mellor os tipos de preguntas incluídos no estudo.

Os seis exemplos de preguntas apareceron en edicións anteriores de PISA. O texto que os acompaña explica o obxectivo da pregunta e proporciona a resposta.

Información xeral sobre PISA

Que é PISA?

O Programa para a Avaliación Internacional do Alumnado (PISA, polas súas siglas en inglés) é unha avaliación en formato dixital por ordenador das competencias de **lectura, matemáticas** e **ciencias** que se leva a cabo en máis de 80 países e sistemas educativos.

En 2022, tamén se avaliará o **pensamento creativo**.

A avaliación PISA inclúe preguntas nun rango de dificultade adecuado para alumnado de 15 anos.

A avaliación PISA **lévase a cabo nunha sesión de 2 horas de proba cognitiva**, seguidas dunha sesión **de cuestionario de contexto**.

Que ocorre o día da avaliación PISA?

- Durante a proba, deberás responder a **preguntas de dúas competencias** (por exemplo, lectura e matemáticas).
- As dúas competencias elíxense aleatoriamente polo ordenador.
- Poida que as preguntas que debas responder sexan diferentes ás doutro alumnado do teu centro.
- Unha **persoa aplicadora da proba PISA** farase cargo da sesión e de axudarche se tes algunha dificultade técnica. Lerá en alto un guión e controlará o tempo.

Como se avalía en PISA?

En PISA, **o ordenador avalía algunhas preguntas** cando contestas, mentres que outras teñen que ser codificadas e avaliadas por un **equipo de codificadores e codificadoras profesionais** tras a avaliación.

- Avaliaráseche en función do ben que respondas á pregunta.
- **Non** se che dará unha nota individual.
- Debes tentar **facelo o mellor posible** no tempo dado.

Como me preparo para PISA?

- **Non necesitas prepararte** para a avaliación PISA.
- En PISA non se avalía se es capaz de memorizar o que aprendes no centro educativo, senón como utilizas o teu coñecemento e as destrezas que tes para entender a información dada e resolver os problemas expostos.

Antes da proba, participarás nunha orientación na que:

- Explicaranse os diferentes **tipos de preguntas e respostas** que se poden dar.
- Explicarase o que debes facer no **ordenador**.

VENDER XORNAIS

En Zedland dous xornais queren contratar persoas vendedoras. Os seguintes anuncios mostran como lles pagan aos seus vendedores e vendedoras:

A ESTRELA DE ZEDLAND NECESITAS DIÑEIRO EXTRA? VENDE O NOSO XORNAL

Pagamos:

0,20 zeds por xornal para os primeiros 240 exemplares que vendas nunha semana, máis 0,40 zeds por cada xornal adicional vendido.

O DIARIO DE ZEDLAND TRABALLO BEN PAGO QUE NECESITA POUCO TEMPO!

Vende O Diario de Zedland e gaña 60 zeds á semana máis 0,05 zeds adicionais por xornal vendido.

PREGUNTA 9: VENDER XORNAIS

Como media, Federico vende 350 exemplares de *A Estrela de Zedland* cada semana.

Canto gaña cada semana como media?

Cantidade en zeds: _____

EXEMPLO 1 – Cálculo numérico Matemáticas

Nalgunhas preguntas de PISA terás que realizar un **cálculo** numérico.

Neste exemplo debes calcular os ingresos medios semanais de Federico ao vender 350 copias de *A Estrela de Zedland*.

Identifica a información relevante nos anuncios e fai o cálculo numérico.

Neste exemplo, a resposta correcta é a B: 92 zeds.

REPRODUTORES DEFECTUOSOS

A empresa *Electrix* fabrica dous tipos de equipos electrónicos: reprodutores de vídeo e de audio. Os reprodutores próbanse ao finalizar a produción diaria e os defectuosos retíranse e envíanse a reparar.

A seguinte táboa mostra o número medio de reprodutores de cada tipo que se fabrican ao día e a porcentaxe media de reprodutores defectuosos ao día:

Tipo de reprodutor	Número medio de reprodutores fabricados ao día	Porcentaxe media de reprodutores defectuosos ao día
Reprodutores de vídeo	2000	5 %
Reprodutores de audio	6000	3 %

PREGUNTA 26: REPRODUTORES DEFECTUOSOS

Unha das persoas que realiza as probas fai a seguinte afirmación:

“Como media, envíanse a reparar máis reprodutores de vídeo ao día que de audio”

Indica se a afirmación da persoa que realiza as probas é ou non correcta. Xustifica matematicamente a túa resposta.

.....
.....
.....

EXEMPLO 2 – Ensina o teu traballo Matemáticas

Nalgunhas preguntas de PISA pídese que interpretes datos e que **expliques ou razoes** a túa resposta.

Este exemplo fala da afirmación dunha persoa que proba os reprodutores sobre a taxa de reparación destes aparellos.

Debes decidir se a súa afirmación é correcta ou non.

A túa resposta clasificarase segundo a túa xustificación matemática da resposta. Debe incluír que o técnico probador se equivoca porque o 3 % de 6000 é maior que o 5 % de 2000.

Correr en tempo caloroso

Pregunta 2 / 5

▶ Como executar a simulación


Executa a simulación para obteres os datos baseados na seguinte información. Fai clic nunha opción e selecciona os datos da táboa para responderes á pregunta.

Un corredor corre durante unha hora nun día quente e húmido (temperatura do aire 35 °C, humidade do aire 60%) sen beber nada de auga. Este corredor corre o risco de sufrir deshidratación e unha insolación.

Que efecto tería o feito de beber auga durante o exercicio sobre o risco de deshidratación e insolación do corredor?

- Beber auga reduciría o risco de insolación mais non o de deshidratación.
- Beber auga reduciría o risco de deshidratación mais non o de insolación.
- Beber auga reduciría tanto o risco de insolación como o de deshidratación.
- Beber auga non reduciría nin o risco de insolación nin o de deshidratación.

★ Selecciona na táboa dúas filas de datos que sustenten a túa resposta.



Temperatura do aire (°C) 20 25 30 35 40
▲
Humidade do aire (%) 20 40 60
▲
Bebe auga? SI Non

Executar

Temperatura do aire (°C)	Humidade do aire (%)	Bebe auga?	Volume de transpiración (en litros)	Perda de auga (%)	Temperatura corporal (°C)

EXEMPLO 3 – Realizar unha simulación Ciencias

Algunhas preguntas de PISA pídenche que **realices unha simulación** para responderes unha pregunta.

Este exemplo fala de saír a correr en días de calor. Se varias os controis, podes realizar unha simulación para xerar os datos da táboa da dereita. Pídeseches que selecciones unha explicación e que elixas dúas filas de datos para xustificar a túa resposta.

Neste exemplo, a 2ª explicación é correcta. Para obter a puntuación completa, as dúas filas de datos deben ser: Seleccionar "Non" nunha con referencia a beber auga, E seleccionar "Si", noutra. Cunha temperatura de 35°C e unha humidade do aire de 60 % para as dúas filas.


Extracción de augas subterráneas e terremotos
Pregunta 1/4

Consulta a información "Extracción de augas subterráneas e terremotos" da dereita. Escribe a túa resposta á pregunta.

Nas fallas a tensión vai aumentando de forma natural. Por que ocorre isto?

Extracción de augas subterráneas e terremotos

A cortiza rochosa é a capa superior da Terra. A cortiza está dividida en placas tectónicas que se deslizan sobre unha capa de rocas parcialmente derretida. As placas conteñen gretas chamadas fallas. Os terremotos ocorren cando a tensión acumulada ao longo da falla libérase causando o desprazamento dalgúns partes da cortiza. A continuación móstrase un exemplo de desprazamento ao longo dunha falla.



**EXEMPLO 4 –
Resposta a pregunta
aberta
Ciencias**

Algunhas preguntas de PISA pídenche que **expliques** os fenómenos de maneira científica e coas túas propias palabras.

Este exemplo fala da cortiza terrestre e a acumulación de tensións nas fallas.

A túa resposta clasificarase **segundo como expliques este fenómeno**. Debe mencionar que:

O movemento das placas tectónicas provoca a acumulación de tensións, e/ou que a terra que se move en diferentes direccións detense pola fricción nunha falla.

Frases
Práctica

Por favor, le a frase. Fai clic en **SI** se a frase ten sentido, ou fai clic en **NON** se a frase non ten sentido.

A ventá cantou a canción en voz alta.

SI NON

**EXEMPLO 5 –
Frases
Lectura**

Para esta parte da proba de lectura de PISA, vas ler unhas frases e tes que decidir **se teñen sentido ou non**. En total dispós de tres minutos para responder tantas frases como poidas. A seguinte frase aparecerá en canto teñas respondido a anterior.

Unha vez que leses a frase, se cres que **ten sentido** selecciona "Si". Se cres que **non ten sentido**, selecciona "Non".

Para esta frase, a resposta é: Non.

Foro sobre aves
Pregunta 1/ 7

Consulta o foro sobre a saúde das aves da dereita. Fai clic nunha opción para responderes a pregunta.

Que quere saber Iria_88?

- Se pode darlle aspirina a unha galiña ferida.
- Con que frecuencia pode darlle aspirina a unha galiña ferida.
- Como contactar cun veterinario para preguntarlle sobre unha galiña ferida.
- Se pode determinar o nivel de dor dunha galiña ferida.

← → ↻ www.asaudedasaves.com/forum/aspirina-galina

A saúde das aves
O teu recurso en liña para unhas galiñas saudables

Acerca de
Foro
Fotos

Darles aspirinas ás galiñas

Iria_88 AUTORA DO FÍO Publicado o 28 de outubro ás 18.12 h

Ola a todos e todas!
Podo darlle aspirinas á miña galiña? Ten 2 anos e creo que se mancou nunha pata. Non podo ir ao veterinario ata o luns, e non contesta ao teléfono. A miña galiña parece ter moita dor. Quero darlle algo para que se sinta mellor ata que poida ir ao veterinario. Grazas pola vosa axuda.

NuriaB79 Publicado o 28 de outubro ás 18.36 h

Non sei se a aspirina é ou non segura para as galiñas. Eu sempre lle pregunto ao meu veterinario antes de darlle calquera medicina ás miñas aves. Sei que algunhas medicinas que son seguras para os humanos poden ser moi perigosas para as aves.

Mónica Publicado o 28 de outubro ás 18.52 h

Eu deille unha aspirina a unha das miñas galiñas cando se mancou. Non tivo ningún problema. Ao día seguinte fun ao veterinario pero xa estaba mellor. Creo que pode ser perigoso se lle dás demasiadas, así que non superes a dose indicada! Espero que mellore!

Ofertas_Aviarias Publicado o 28 de outubro ás 19.07 h

Ola! Non esquezades botar unha ollada ás miñas superofertas en todos os produtos para aves. Neste momento hai grandes rebaixas!

Bruno Publicado o 28 de outubro ás 19.15 h

Por favor, alguén pode dicirme como saber se unha ave está enferma? Grazas.

Francisco Publicado o 28 de outubro ás 19.21 h

Ola, Iria:
Son un veterinario especializado en aves. Pódenselles dar aspirinas ás galiñas feridas se presentan signos de dor. Ao receitalles aspirinas ás aves, sigo as pautas publicadas en Medicina clínica aviar. As galiñas deben tomar 5 mg de aspirina por kg de masa corporal. Pódeslle dar esta dose 3-4 veces ao día ata que poidas ir ao veterinario. É moi importante que leves o seguimento co teu veterinario. Boa sorte!

EXEMPLO 6 – Opción múltiple Lectura

Algunhas preguntas de PISA pídenche que **selecciones unha opción** dunha lista proporcionada.

Neste exemplo, debes ler e entender o post de Iria_88.

Selecciona a opción que mellor describa o que Iria_88 quere saber.

Neste exemplo, a resposta é a primeira opción: “Se pode darlle aspirina a unha galiña ferida”.